

ORIENTACIÓNS PARA A PROBA DE CULTURA AUDIOVISUAL II NO CURSO 2016-2017

Ao tratarse do primeiro ano que se inclúe a materia “Cultura Audiovisual II” nestas probas de acceso á Universidade no curso 2016-2017, quero agradecer en primeiro lugar, aos integrantes do Grupo de Traballo a súa inestimable colaboración e dispoñibilidade; e ao conxunto de centros e profesores/as por remitirnos as suxestións e os materiais de traballo que nos serviron de orientación para confeccionar o modelo de exame que logo se adxunta. Somos conscentes de que este ano concorren un conxunto de circunstancias excepcionais que fan que o tempo apremie. Coa mellor vontade de colaboración, sumámonos á iniciativa doutros grupos de traballo, tanto novos como xa consolidados, para concretar os contidos da materia que se consideran de maior relevancia e que se especifican no documento “Contidos” en cor vermella. Ademais do modelo de exame que tamén se propón noutro documento, especifícanse a continuación os criterios de avaliación e a estrutura.

Criterios de avaliación e estrutura da proba

Como se contempla no artigo 10.2 da Orde do 24 de marzo de 2011, a proba avaliará os coñecementos e a capacidade de razoamento do alumnado en torno á Cultura Audiovisual, polo que se estrutura en dous bloques de preguntas abertas:

- a) Un exercicio de análise no que o alumnado deberá demostrar a súa capacidade interpretativa e crítica, de expresión e síntese, así como a asimilación teórico-práctica de conceptos básicos do ámbito audiovisual. Esta parte da proba valorarase cun máximo de 4 puntos.
- b) Preguntas de resposta breve (non máis de 5-10 liñas), de diferente complexidade, Esta parte da proba valorarase cun máximo de 6 puntos.

Tamén de acordo co establecido na mencionada Orde do 24 de marzo de 2011, no seu artigo 11.1, considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2017

A directora do Grupo de Traballo
Ana Isabel Rodríguez Vázquez
Universidade de Santiago de Compostela

A subdirectora do Grupo de Traballo
Berta García Orosa
Universidade de Santiago de Compostela